

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN do 9 de novembro de 2018 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 26 de setembro de 2018 pola que se adxudican as axudas do anexo I, modalidade A da Orde do 30 de abril de 2018 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria.

A Orde do 30 de abril de 2018 (DOG núm. 98, do 24 de maio), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria a través da Axencia Galega de Innovación (en diante, Gain), establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Mediante a Resolución do 26 de setembro de 2018 (DOG núm. 191, do 5 de outubro) adxudícanse as axudas da modalidade A ás entidades que contraten as persoas seleccionadas para unha praza do Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral que se relacionan no seu anexo I.

O artigo 18 da orde de convocatoria establece que no caso de que se produza algunha renuncia ou outra causa de extinción laboral, a entidade beneficiaria deberá comunicala á Secretaría Xeral de Universidades ou á Gain (segundo sexa o caso), e que se poderá adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza dentro do prazo de tres meses a partir da data de publicación da resolución de concesión.

No mesmo artigo tamén se indica que as renuncias soamente poderán ser cubertas coas solicitudes da listaxe de espera da modalidade e do órgano instrutor en que se produzan e que a persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións durante o tempo de aproveitamento da axuda. A competencia para adxudicar unha nova axuda correspóndelle á persoa titular da Presidencia da Gain no caso de novas incorporacións procedentes da lista de espera da Gain.

En consecuencia, atendendo ás renuncias recibidas na Gain,



RESOLVO:

Primeiro. Aceptar as renuncias presentadas na modalidade A das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral que se indican a continuación:

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	NIF	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Total
IN606B-2018/007	Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	Samayoa	López	Luis Fernando	*****77N	Ciencias	2	2	97,3
IN606B-2018/004	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	Abella	Cajigal	Vanessa	*****80A	Ciencias da Saúde	1	1	90,5
IN606B-2018/009	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	Almécija	Pereda	Clara	*****41E	Ciencias	2	2	76,8

Segundo. De acordo co artigo 18 da orde de convocatoria, adxudicar as axudas co-correspondentes a estas renuncias coas dúas solicitudes incluídas na lista de espera da Gain:

Nº de expediente	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	NIF	Rama de coñecemento	Zona 1º ano	Zona 2º ano	Total
IN606B-2018/011	Fundación Profesor Novoa Santos	Álvarez	Fraga	Laura	*****47D	Ciencias da Saúde	3	3	72,75
IN606B-2018/001	Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	López	Villamor	Adrián	*****32X	Ciencias	1	1	62,8

Terceiro. Redistribuír o crédito destinado ao financiamento destas axudas entre as entidades beneficiarias alleas ás universidades do SUG, segundo as renuncias e as novas incorporacións, tal como se indica na seguinte táboa:

Modalidade A (Gain)							
Aplicación orzamentaria	Entidades	Nº de axudas	Crédito (en euros)				
			2018	2019	2020	2021	Total
09.A3.561A.403.0	Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC	1	3.366,67	43.174,66	35.827,56	36.311,11	118.680,00
09.A3.561A.403.0	Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	1	0,00	33.290,00	36.180,00	41.890,00	111.360,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela	1	3.366,67	43.500,00	42.822,22	36.311,11	126.000,00
09.A3.561A.480.0	Fundación Profesor Novoa Santos	2	3.366,67	89.366,66	92.722,22	79.344,45	264.800,00
Total		5	10.100,01	209.331,32	207.552,00	193.856,67	620.840,00

Cuarto. O día de comezo dos contratos será o 1 de decembro de 2018.



Quinto. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación á Gain no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización dos correspondentes contratos.

Sexto. O artigo 14 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes, adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as receptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Sétimo. Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia da Gain e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria
e presidente da Axencia Galega de Innovación

